

1. Nomea os países da UE e as súas capitais. Pinta con diferentes cores ou tramas segundo o ano no que se uniron a UE, e fai a lenda indicando o ano de adhesión. No caso de Gran Bretaña indica o ano de adhesión e o ano de saída.




2. Fai unha liña do tempo onde aparezan os principais fitos na historia da UE.

Separa os feitos institucionais (parte alta da liña) dos territoriais (parte baixa) e engade que países foron uníndose en cada ampliación (Europa dos Seis, dos Nove,...).

- | | | |
|-------------------------------|----------------------|----------------------------------|
| - Europa dos 6. | - Tratado de Niza. | - Europa dos 28. |
| - Tratado de Maastricht (UE). | - Tratado de Lisboa. | - Tratado de Amsterdam. |
| - Europa dos 12. | - Europa dos 9. | - Circulación do Euro. |
| - Acta Única Europea. | - Europa dos 10. | - Europa dos 25. |
| - Europa dos 27. | - Creación da CECA. | - Tratados de Roma_CEE, EURATOM. |
| | - Europa dos 15. | - Brexit |

1951, 1957, 1958, 1973, 1981, 1986, 1986, 1993, 1995, 1999, 2000, 2002, 2004, 2007, 2009, 2013, 2019 (erro, realmente 2020).



3. Contesta.

a. Por que se di que no 2012 tivo lugar unha unión económica e monetaria? Explica.

Non é no 2012, é no 2002, xa que entrou en circulación a moeda única, o euro.

b- Cales son os dous puntos principais da converxencia política de UE.

- Fortaleceuse o papel do Parlamento Europeo, o que daba máis poder aos cidadáns, posto que son eles os que elixen os parlamentarios.
- Recoñeceuse a cidadanía europea e a libre circulación de cidadáns da UE polos Estados membros.

c. Completa o cadro, distribuíndo as elementos do cadro inferior onde corresponda.

PRINCIPAIS INSTITUCIÓNS DA UE.	
Parlamento Europeo	- Representa os cidadáns da UE. - Os deputados son elixidos por sufraxio universal - Aproba, xunto co Consello da UE, a lexislación e o orzamento, e controla a Comisión.
Comisión Europea	- Representa os intereses da Unión no seu conxunto. - Esta formada por 27 comisarios, un por cada Estado membro. - Propón as leis ao Parlamento e ao Consello e vela para que se apliquen...
Consello da Unión Europea	- Representa os Gobernos dos Estados membros. - Está composto polos ministros dos países. - Aproba a lexislación e o orzamento da UE, coordina as políticas económicas...
Tribunal de Xustiza	- Interpreta o Dereito da UE e vela polo seu cumprimento.
Tribunal de Contas	- Controla o financiamento das actividades da Unión.
Consello Europeo	- Reunión dos xefes de Estado ou de Goberno .

4. Contesta.

a. Indica os seguintes datos:

- **Poboación da UE (absoluta e relativa):** 448 millóns de habitantes, o 5,6 % do planeta.
- **Volume de produción mundial (%):** 18 % do PIB mundial
- **Comercio mundial (%):** Realiza algo máis do 30% do comercio exterior global

b. Como enfronta a UE os contrastes existentes entre os países membros?

Desenvolve unha Política Rexional.

Enumera os obxectivos destas políticas.

- Axudar a cada rexión a alcanzar plenamente o seu potencial.
- Aumentar a Competitividade e o emprego no ámbito das rexións.
- Conseguir que os países que se foron incorporando desde 2004 alcancen o nivel de vida da media da Unión Europea.

c. Como se materializa a política rexional? Enumera os tres tipos de fondos.

Materializa a súa Política Rexional a través do Fondo de Cohesión e dos Fondos Estruturais, que son dous:

- O Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), que se destina a infraestruturas e investimentos produtivos que poden crear emprego.
- O Fondo Social Europeo (FSE), que financia proxectos de formación profesional e programas de axuda ao emprego.

d. Indica os dous maiores retos políticos para o futuro da UE?

- que o peso económico da UE non se corresponde co seu peso político a nivel internacional, que é moi reducido. En moitas ocasións, ante un problema político, a UE non presenta unha postura común e isto limita a súa influencia.
- o descontento de moitos europeos polo funcionamento das institucións: só o Parlamento se elixe democraticamente e moitos consideran mínimo o seu poder real.